

SESION ORDINARIA DE 25 DE ABRIL DE 2023

(Acta número 04)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez
D. Xosé María Teixido Núñez

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e cinco de abril de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero; e asiste como Interventor D. Manuel Roel Hernández-Serrano Interventor Adxunto.

Ó comezo da sesión non se encontra no Salón de Plenos o señor deputado D. José Manuel Gómez Puente, que se incorpora no transcurso da mesma.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	1/36



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de marzo de dous mil vinte e tres e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=1>

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO E RECOÑECIMENTO DAS NECESIDADES NON CUBERTAS DAS PERSOAS CON LUPUS, CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DESTA ENFERMIDADE QUE SE CELEBRARÁ O 10 DE MAIO.

Por parte do Presidente indícase que hai unha proposta de Declaración Institucional asinada polos Voceiros dos tres Grupos Provinciais, D^a. Pilar García Porto polo Grupo Provincial Socialista, D. Efrén Castro Caloto polo BNG, e D. Oscar Poy Franco polo Grupo Provincial do Partido Popular, que textualmente di o seguinte:


Declaración Institucional de apoio e recoñecemento das necesidades non cubertas das persoas con Lupus con motivo do Día Mundial desta enfermidade que se celebra o 10 de maio.

O lupus é unha enfermidade autoinmune crónica que afecta a 5 millóns de persoas en todo o mundo. A súa prevalencia é de 210 casos por cada 100.000 habitantes en España. A pesares destas elevadas cifras, o 60% dos españois non saben en que consiste unha enfermidade da que só coñecen o nome.

O lupus é unha enfermidade que afecta de xeito moi acusado ás mulleres, que padecen o 90% dos casos, cun desenvolvemento da enfermidade entre os 15 e os 55 anos.

De entre os distintos tipos, o lupus eritematoso sistémico (LLES) representa aproximadamente o 70% de todos os casos e a metade deles ve afectado un órgano ou tecido

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	2/36





importante no corpo, como o corazón, os pulmóns, os riles ou o cerebro. Aínda non existe cura nin tratamento efectivo para previr o dano orgánico a longo prazo que provoca o lupus. Unha enfermidade impredecible que, de non tratarse, pode aumentar a discapacidade e incapacidade da persoa afectada e ser potencialmente mortal.


Dende a Deputación Provincial de Lugo queremos recoñecer o traballo que desenvolven a Federación Española de Lupus, e a Asociación Galega de Lupus, un traballo centrado en dar a coñecer esta enfermidade e promover unha maior investigación sobre ela. Baixo o lema “Non deixes que o lupus gañe: é o momento de actuar!”, FELUPUS busca alentar aos pacientes que non deben renderse fronte ao lupus e insta as Administracións a actuar xuntas, manifestando o seu recoñecemento e apoio ás persoas que conviven con esta enfermidade, e declarando o seu compromiso para contribuír a dar resposta ás necesidades médicas e socioeconómicas que os seus doentes non ven aínda cubertas.

Entre estas necesidades se atopa a garantía dunha detección temperá e unha maior formación en atención primaria. Actualmente existe un atraso no diagnóstico de 4 anos de media para os pacientes con Lupus que pode provocar alteracións estruturais irreversibles. Por iso, é fundamental aumentar a formación en Atención Primaria, xa que poden espertar a sospeita e detectar os primeiros síntomas para iniciar o proceso diagnóstico.

Tamén é preciso artellar unha atención coordinada e multidisciplinar que permita prestar unha atención e apoio psicosocial especializada aos pacientes con lupus, independentemente do seu lugar de residencia. Isto resulta especialmente necesario en entornos de poboación rural, como a provincia de Lugo.

É preciso tamén fomentar unha maior investigación. Os fondos destinados aos esforzos na investigación médica sobre o Lupus, ao descubrimento dunha cura e de tratamentos máis eficaces para os pacientes de Lupus son sensiblemente inferiores aos dedicados a outras enfermidades de similar magnitude e gravidade. Por iso, é imprescindible un aumento dos fondos tanto públicos como privados para a investigación e a garantía dun maior acceso ás novas terapias que xorden deses avances.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	3/36



O lupus ten un impacto discapacitante que non sempre é adecuadamente valorado, por iso cumpre garantir a formación do persoal que valora a discapacidade para ter en conta o seu efecto. É necesario que se recoñeza o dano orgánico acumulado que inclúe o esgotamento e a dor diaria, e que os tribunais valoren adecuadamente o conxunto de limitacións, concedendo os graos de discapacidade que os pacientes merecen, sen ter que acudir aos tribunais de xustiza a solicitar o amparo negado polas administracións sociais.

Ante a próxima celebración, o día 10 de maio, do Día Mundial do Lupus, a Deputación Provincial de Lugo quere expresar o seu apoio e recoñecemento cara ás persoas con Lupus, ás súas familias e ás asociacións de pacientes que diariamente traballan para a creación dunha clara conciencia social da enfermidade. Deixando constancia do respaldo desta institución ás súas reclamacións sociosanitarias e sendo plenamente conscientes de que para unha enfermidade crónica para a que non existe cura, como esta e moitas outras, a investigación é vital.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes acorda prestar aprobación á Declaración Institucional anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=2>

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DO PLENO


3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E APROBAR O INICIO DO PROCEDIMENTO CONDUCENTE Á MESMA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, que textualmente di o seguinte:

“Visto informe do Sr. Secretario Xeral con data 17.04.2023, de tenor literal seguinte:

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	4/36





“... En relación co expediente de referencia, procede informar:

PRIMEIRO.- O artigo 79 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, dispón que:

1. O patrimonio das entidades locais está constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertenzan.
2. Os bens das entidades locais son de dominio público ou patrimoniais.
3. Son bens de dominio público os destinados a un uso ou servizo público. Teñen a consideración de comunais aqueles cuxo aproveitamento corresponda ao común dos veciños.

SEGUNDO.- O Art. 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, dispón que: As Entidades locais están obrigadas a formar Inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, do que se remitirá copia ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación.

TERCEIRO.- O Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais (en diante RB), establece na seu art. 17:


1. As Corporacións locais están obrigadas a formar Inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.
2. Con suxeición ás normas contidas nesta sección, formaranse inventarios separados dos bens e dereitos pertencentes a entidades con personalidade propia e dependentes das Corporacións locais. Igualmente, formaranse inventarios separados dos bens e dereitos pertencentes a establecementos con personalidade propia e independente, se a lexitima representación corresponde ás Corporacións locais.

CUARTO.- O Art. 18 do RB, dispón que:

No inventario reseñaranse, por separado, segundo a súa natureza, agrupándoos a teor dos seguintes epígrafes:

- 1.º Inmables.
- 2.º Dereitos reais.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	5/36



- 3.º Mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico.
- 4.º Valores mobiliarios, créditos e dereitos, de carácter persoal da Corporación.
- 5.º Vehículos.
- 6.º Semoventes.
- 7.º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados.
- 8.º Bens e dereitos revertibles.

QUINTO.- O Art. 19 do RB, establece que:

- 1. A recesión dos bens no inventario efectuarase con numeración correlativa por cada un deles, dentro do respectivo epígrafe.
- 2. A continuación, deixarase espazo en branco para consignar as variacións que se produciren no curso do exercicio e a cancelación dos asentos.

SEXTO.- O art. 20 do RB, establece que:

O inventario dos bens inmoables expresará os datos seguintes:

- a) Nome co que foi coñecida a leira, se tivera algún especial.
- b) Natureza do inmoable.
- c) Situación, con indicación concreta do lugar en que radica a leira, vía pública a que dera fronte e números que nela correspondéselle, nas urbanas, e a paraxe, coa expresión do polígono e parcela catastral, se fora posible, nas rústicas.
- d) Lindeiros.
- e) Superficie.
- f) Nos edificios, características, noticia sobre a súa construción e estado de conservación.
- g) Tratándose de vías públicas, no inventario deberán constar os datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia aos seus límites, lonxitude e anchura.
- h) Clase de aproveitamento nas leiras rústicas.
- i) Natureza de dominio público ou patrimonial, con expresión de se se trata de bens de uso ou de servizo público, patrimoniais ou comunais.
- j) Título en virtude do cal se atribúe á Entidade.
- k) Sinatura de inscrición no Rexistro da Propiedade, no caso de que fora inscribible.
- l) Destino e acordo que o tivese disposto.
- m) Dereitos reais constituídos ao seu favor.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	6/36





- n) *Dereitos reais que gravaren a leira.*
- ñ) *Dereitos persoais constituídos en relación coa mesma.*
- o) *Data de adquisición.*
- p) *Custo da adquisición, se houbera sido a título oneroso, e dos investimentos efectuados e melloras.*
- q) *Valor que correspondería en venda ao inmovible*
- r) *Froitos e rendas que produciran*

SEXO.- O Art. 21 do RB, establece que:

O inventario dos dereitos reais comprenderá as circunstancias seguintes:

- a) *Natureza.*
- b) *Inmovible sobre o que recaer.*
- c) *Contido do dereito.*
- d) *Título de adquisición.*
- e) *Sinatura da inscrición no Rexistro da Propiedade.*
- f) *Custo da adquisición, se houbera sido onerosa.*
- g) *Valor actual*
- h) *Froitos e rendas que producirán.*

SÉTIMO.- O Art. 21 do RB, establece que:

O inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico,expresasán:


- a) *Descrición en forma que facilitar aa súa identificación*
- b) *Indicación da razón do seu valor artístico, histórico ou económico*
- c) *Lugar en que se atopa situado e persoa baixo cuxa responsabilidade se custodia.*

OITAVO.- O Art. 23 do RB, establece que:

O inventario dos valores mobiliarios conterà as determinacións seguintes:

- a) *Número dos títulos.*
- b) *Clase.*
- c) *Organismo ou Entidade emisora.*
- d) *Serie e numeración.*

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	7/36



- e) *Data de adquisición.*
- f) *Prezo da mesma.*
- g) *Capital nominal.*
- h) *Valor efectivo.*
- i) *Froitos e rendas que producir*
- j) *Lugar en que se atoparán depositados.*

NOVENO.- O Art. 24 do RB, establece que:

Ao inventariarse os créditos e dereitos persoais da Corporación expresaránse:

- a) *Concepto.*
- b) *Nome do debedor.*
- c) *Valor.*
- d) *Título de adquisición*
- e) *Vencemento, no seu caso.*

DÉCIMO.- O Art. 25 do RB, establece que:

O inventario de vehículos detallará:

- a) *Clase*
- b) *Tracción mecánica, animal ou manual.*
- c) *Matrícula.*
- d) *Título de adquisición.*
- e) *Destino.*
- f) *Custo de adquisición, no seu caso*
- g) *Valor actual.*

UNDÉCIMO.- O Art. 26 do RB, establece que:

O inventario dos bens semoventes consignase:

- a) *Especie.*
- b) *Número de cabezas.*
- c) *Marcas*
- d) *Persoa encargada da custodia.*

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	8/36





DUODÉCIMO.- O Art. 27 do RB, establece que:

O inventario dos bens mobles, non comprendidos en artigos anteriores, describiraos sucintamente na medida necesaria para a súa individualización.

DÉCIMO TERCEIRO.- O Art. 28 do RB, establece que:

1. Baixo o epígrafe de «Bens e dereitos revertibles», reseñaránse co detalle suficiente, segundo a súa natureza e sen prexuízo das remisións a outros epígrafes e números do inventario, todos aqueles cuxo dominio ou goce houbera de reverter ou consolidarse na Entidade chegado certo día ou ao cumprirse ou non determinada condición, de modo que sirva de recordatorio constante para que a Corporación exercite oportunamente as facultades que lle corresponderan en relación cos mesmos.

2. Relacionaranse nesta parte do inventario, entre outros bens, os cedidos pola Corporación condicionalmente ou a prazo, as concesións e os arrendamentos.

DÉCIMO CUARTO.- O Art. 29 do RB, establece que:

1. Sempre que fora posible, levantaranse planos de planta e alzado de edificios e parcelarios que determinen gráficamente a situación, lindeiro e superficie dos solares, parcelas non edificadas e das leiras rústicas, con referencia, nestas, a vértices de triángulos de terceira orde ou topográficos ou a puntos culminantes e fixos do terreo.

2. En todo caso, obteranse fotografías, debidamente autenticadas, dos bens mobleshistóricos, artísticos ou de considerable valor económico.

DÉCIMO QUINTO.- O Art. 30 do RB, establece que:


1. Todos os documentos que refrendren os datos do inventario e, en especial, os títulos de dominio, actas de deslinde e valoración, planos e fotografías, archivaranse con separación da demais documentación municipal.

2. Ao inventariar cada un dos bens consignarase, como último dato, a sinatura do lugar do arquivo en que obra a documentación correspondente.

DÉCIMO SEXTO.- O Art. 31 do RB, establece que:

Dos inventarios previstos no artigo 17, parágrafo segundo, quedase, en todo caso, un exemplar na Entidade respectiva, outro nas oficinas da Corporación e outro en poder da

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	9/36



Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, como adicional ao Xeral da Entidade local correspondente.

DÉCIMO SÉTIMO.- O Art. 32 do RB, establece que:

1. Os inventarios serán autorizados polo Secretario da Corporación co visto e prace do Presidente e unha copia do mesmo e das súas rectificacións remitirase á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

2. Nas relacións de bens inventariables das Entidades previstas no artigo anterior e que sirvan de base para formar o inventario xeral, haberá de preceder á firma do Secretario a do Director ou Administrador da respectiva Entidade.

DÉCIMO SÉTIMO.- O Art. 33 do RB, establece que:

1. A rectificación do inventario verificarase anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

2. A comprobación efectuarase sempre que se renove a Corporación e o resultado consignácese ao final do documento, sen prexuízo de levantar acta adicional con obxecto de deslindar as responsabilidades que puidesen derivarse para os membros saíntes e, no seu día, para os entrantes.

DÉCIMO OITAVO.- O Art. 34 do RB, establece que:

O Pleno da Corporación local será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario xa formado, a súa rectificación e comprobación.


DÉCIMO NOVENO.- O Art. 35 do RB, establece que:

No libro de inventarios e balances reflectiranse anualmente os bens, dereitos e accións da Entidade local e as súas alteracións, así como a situación do activo e pasivo, para determinar o verdadeiro patrimonio en cada exercicio económico.

Polo anteriormente exposto, infórmase favorablemente o expediente de aprobación do Inventario de bens da Deputación Provincial de Lugo.

É canto procede informar...”

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	10/36





Tendo en conta que o Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, no que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais nos seus artigos 17 e 33, din o seguinte:

... "As Corporacións Locais están obrigadas a formar Inventario de todos os Bens e Dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición..."

... "A rectificación do Inventario verificarase anualmente, e nela reflexaranse as vicisitudes de toda índole dos Bens e Dereitos durante esa etapa.

A comprobación efectuarase sempre que sexa renovada a Corporación e os resultados se consignaran ao final do documento, sen prexuízo de levantar acta adicional co obxecto de deslindar as responsabilidades que puideran derivarse para os membros saíntes e, no seu día, para os entrantes..."


PRIMEIRO.- Aprobar o Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Excma. Deputación Provincial de Lugo, cos seus correspondentes epígrafes.

SEGUNDO.- Continuar co procedemento de actualización de todos os bens e dereitos que integren o Inventario Xeral de Bens, co obxectivo de levar a cabo as alteracións físicas, xurídicas e económicas que procedan.

TERCEIRO.- Remitir unha copia da rectificación e actualización do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Excma. Deputación Provincial de Lugo, autorizada polo Secretario Xeral do Pleno, co Visto e Prace do Excmo. Presidente da mesma; á Administración Xeral do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do estipulado no artigo 32, apartado primeiro, do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

Atendendo aos artigos contidos no Real Decreto 1372/1986 que rexen a aprobación do Inventario de Bens das Entidades Locais, e en especial aos artigos 17 e 33 anteriormente expostos, Procede a aprobación do Inventario de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Lugo.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	11/36



Polo exposto, proponse ao Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, a adopción do seguinte acordo:

Proceder a aprobación do Inventario de Bens e Dereitos da Excma. Deputación Provincial de Lugo, e iniciar os trámites correspondentes para actualización do mesmo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=3>

--oo0oo--


4.- PROPOSTA DE GOBERNO EN APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN.

Logo de ver a proposta de Goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en apoio á Proposición de Lei de iniciativa lexislativa popular para a restauración do texto fidedigno do Himno Galego e a súa difusión

Exposición de Motivos:

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	12/36





Por iniciativa da Federación de Asociacións Culturais Galegas, Galiza Cultura, e da Plataforma Social en Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza, Vía Galega, unha comisión conformada por 30 persoas, representativas de diferentes ámbitos da sociedade galega, presentaban no rexistro do Parlamento de Galiza, a proposición de lei de iniciativa lexislativa popular (ILP) para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión. Unha vez admitida a trámite pola Mesa do Parlamento e notificado o acordo da Xunta Electoral de Galiza, emprendemos a campaña para reunir, como mínimo, as 10.000 sinaturas necesarias para a defensa da proposición de lei no Parlamento Galego.

Como é coñecido, desde que se promulgou a Lei de Símbolos de Galiza, o catedrático da Universidade da Coruña, Manuel Ferreiro, desenvolveu un extraordinario traballo de investigación e publicou diferentes edicións da historia do noso himno, onde se demostraba e recuperaba documentalmente o texto fidedigno do Himno Galego, de acordo co texto orixinal e autorizado do seu autor, Eduardo Pondal. Cómpre, pois, cando van máis de 38 anos de vixencia da Lei de Símbolos de Galiza, dotar de oficialidade o texto restaurado do noso Himno, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega. Este é o propósito desta Iniciativa lexislativa popular.


Con este obxectivo, solicitóusenos o apoio á proposta da ILP, que reproducimos a continuación:

“PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tres anos despois de aprobado e promulgado o Estatuto de Autonomía (1981), en que se reconece que Galiza ten himno “de seu” (artigo 6.2), o Parlamento galego consagrou na Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, o que xa estaba no ánimo e no sentir do pobo, oficializando como himno galego as catro primeiras estrofas do poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal.

	IV7OSSYFBFI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSYFBFI5VG35QXGMHRULY	Página	13/36



Efectivamente, un século antes, a vontade que se manifestaba en Galiza de contar cun himno cristalizou na iniciativa do músico Pascual Veiga, que encargou ao poeta nacional na altura, o bardo Eduardo Pondal, a composición dun texto poético que, “a maneira da Marcha Real, Marsellesa etc., sexa cantado en toda a Galiza co entusiasmo que desperta no ánimo o Sentimento da patria”.

As bases do concurso internacional organizado polo Orfeón Coruñés nº 4, dirixido por Pascual Veiga na cidade da Coruña, contemplaban un premio destinado a galardoar a mellor “marcha” musical escrita para orfeón sobre o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal. Para este texto, o mestre mindoniense compuxo a música que, após diversos avatares, tivo a súa primeira interpretación institucional e solemne como himno galego no día 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro da Habana. A partir deste evento, o himno foi acollido polo movemento galeguista, nomeadamente polas Irmandades da Fala, que o elevou sobre outras propostas existentes e o estendeu en toda a sociedade, ao tempo que se foi establecendo o cerimonial de interpretación, sempre co público en pé e actitude respectuosa. Por tanto, a partir de 1916 o texto de Eduardo Pondal, coa música de Pascual Veiga, converteuse, de facto, no himno galego.

A difusión do texto pondaliano realizouse a partir da súa publicación sucesiva na Habana en medios escritos diversos, sobre todo revistas (1905, 1907, 1909), de onde retornou a Galiza por volta de 1910 con múltiples erros textuais derivados fundamentalmente da súa inicial difusión fóra do país.

A recuperación dos manuscritos do himno, xunto con impresos con correccións autógrafas e mais a versión editada e autorizada polo autor revelou importantes alteracións textuais na versión oficial, tal como demostrou a investigación realizada polo doutor Manuel Ferreiro, catedrático da Universidade da Coruña. Tal feito propiciou a constitución, en 1996, dun relatorio conxunto no Parlamento galego para estudar a eventual restauración da letra verdadeira do Himno. E posteriormente, en 2002 e 2018, aínda foron realizados dous amplos informes técnicos escritos onde se demostraba, razoada e documentalmente, que o actual texto oficial do Himno Galego, alén doutras cuestións de menor transcendencia, mostra a existencia de catro alteracións de importancia: 1) Problemas de presentación formal e de puntuación, de forma que no texto oficial mesmo desapareceu a indicación de que o texto é un diálogo (pregunta aos piñeiros, na primeira estrofa, e

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	14/36





resposta destes nas tres estrofas restantes); 2) Presenza de formas idiomáticas alleas ao poema orixinal pondaliano, nomeadamente castelanismos e hiperenxebrismos (ronco / rouco, iñorantes / ignorantes); 3) Aparición de formas idiomáticas falsas, inexistentes no poema de Pondal e na lingua galega (féridos / férridos); 4) Deturpación da expresión orixinal mediante un proceso de banalización textual (chan / clan ‘pobo’).

O propio autor do texto do Himno, Eduardo Pondal, era consciente destas deturpacións textuais, tal como lle sinala a Xosé Fontenla Leal, o grande impulsor do himno na colectividade galega en Cuba, cando en carta de 11 de xaneiro de 1913 lle di que “o texto do noso himno contén non poucas erratas, e xa veremos de corrixilas oportunamente”. Infelizmente, o estado de saúde de Pondal non permitiu esa actuación correctora e restauradora, que agora o Parlamento pode e debe realizar, 115 anos após a pública e solemne interpretación do himno na Habana.

En 1984 o Parlamento galego, consciente da importancia e do alto valor institucional e social dos símbolos (escudo, bandeira, himno), oficializou o Himno no artigo 4 da Lei de Símbolos: “Declárase himno de Galicia a composición «Os Pinos», poema de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga”. Porén, o texto aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia, na Disposición adicional terceira da Lei 5/1984, non recolle as estrofas do poema «Os Pinos» da fonte orixinal pondaliana, senón que se basea nunha deficiente versión editorial realizada en 1935, no centenario do nacemento do poeta. O feito de esa edición ter herdado (e acrecentado) os erros e deturpacións textuais acumulados desde había anos explica o texto oficial do himno, que cómpre recuperar e actualizar catro décadas após a promulgación da Lei de Símbolos.


Son chegados os tempos, en fin, de restaurar o texto certo do himno galego, de modo que todos, e especialmente as novas xeracións, o coñezamos, cantemos e interpretemos correctamente.

A este fin responde esta Proposición de Lei.

Proposición de Lei:

Artigo 1º. Fica modificado o artigo 4 da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, nos seguintes termos: “Declárase himno de Galiza o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal, nas súas catro primeiras estrofas, e música de Pascual Veiga”.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	15/36



Artigo 2º. A disposición adicional terceira da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, modifícase no punto 1 nos seguintes termos: “A letra do Himno Galego é a seguinte”:


Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio transparente
do prácido luar...?

Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...?

«Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes
e férridos e duros,
imbéciles e escuros,
non os entenden, non.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	16/36





Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán».

Artigo 3º. A Xunta de Galicia fará cumprir a todas as institucións e sociedades públicas dela dependentes, como a radio e a TV galegas, a reprodución, canto e interpretación completa do himno galego.

Artigo 4º. A Xunta de Galicia realizará unha edición popular da letra restaurada conforme o texto creado por Eduardo Pondal, xunto coa partitura do Himno, co obxecto de distribuílo, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega, nomeadamente en todos os centros educativos, agrupacións musicais e corais, bandas de música, entidades deportivas, asociacións culturais ou calquera outra entidade cívica.”


Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e o seu traslado á Xunta.

1.- Apoiar a referida proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión .

2.- Instar a XUNTA de Galiza a asumir a citada ILP e a dar os pasos necesarios para cumprir a súas demandas”.

Neste momento incorpórase á sesión o señor Deputado D. José Manuel Gómez Puente.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	17/36



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=4>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR Á XUNTA QUE ASUMA AS SÚAS COMPETENCIAS E GARANTA PRAZAS PÚBLICAS EN RESIDENCIAS PARA OS MAIORES DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para esixir á Xunta que asuma as súas competencias e garanta prazas públicas en residencias para os maiores da provincia de Lugo.

Ó longo do presente mandato, a Deputación Provincial de Lugo ten desenvolvido unha tupida rede pública de asistencia ós maiores da nosa provincia. Ós centros de día e residencias de maiores que xa funcionaban en 2019 en Trabada, Ribadeo e Pol, sumáronse seis máis, en Navia de Suarna, Meira, Pedrafita, Castroverde, A Fonsagrada e Ribas de Sil. Un total de 9 residencias públicas, que atenden a 262 usuarios, fomentan o arraigo da poboación e xeran emprego no rural. Un emprego que é maioritariamente feminino, o que tamén contribúe a loitar contra a despoboación. E xa están en marcha os proxectos para duplicar esta rede con centros en Portomarín, Guitiriz, A Pontenova, A Pobra de Brollón, Becerreá, Pantón, Oourol, Cervantes e Folgoso do Courel.

	IV7OSSSYFBFI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBFI5VG35QXGMHRULY	Página	18/36






Este esforzo faise dende o compromiso cos servizos públicos e para garantir o acceso ós mesmos de todos os/as cidadáns, con independencia do seu lugar de residencia. Nun área como a dos Servizos Sociais, na que a pesares de que a Deputación non ten competencias propias, adica o 33% dos seus orzamentos para paliar a inacción da Xunta de Galicia, titular das competencias. Fronte ó esforzo antes citado, a Xunta de Galicia non ten engadido nin unha praza pública ó sistema de residencias ó longo destes catro anos. Nin antes, nin despois da pandemia. Unha pandemia que encheu os periódicos de titulares con denuncias contra o modelo masificado da Xunta pero que, desafortunadamente, non xerou unha revisión da política autonómica neste eido.

A Xunta destina a Servizos Sociais só un 8,5% dos seus orzamentos totais. A pesares desta aposta cativa, o incremento dos orzamentos da Consellería de Política Social foi constante nestes catro anos. En 2019, dita Consellería tiña uns orzamentos de 732M€; no presente 2023, isa cantidade elévase a 1.077M€. So dende un desprezo intencionado cara ós servizos públicos pode entenderse unha situación na que cun incremento dun 47% nos orzamentos – 344M€ máis en catro anos- non se teña incorporado nin unha praza pública ó sistema asistencial de maiores. Para redondear esta burla, o pasado día 21 de marzo, a conselleira de Política Social anunciaba acordos con empresas privadas para a posta en marcha dunha residencia de maiores en Pantón e a ampliación do centro de atención a persoas con discapacidade en Bóveda. As empresas en cuestión contan entre os seus méritos o de ter o maior índice de mortalidade en residencias durante a pandemia ou ter sido obxecto de reiteradas denuncias por parte de familiares de residentes ó longo da súa historia.

O Grupo Provincial Socialista remata esta lexislatura como a comezou: cunha firme defensa dos servizos públicos como dereito fundamental e escudo de protección social para os/as máis necesitados. E co compromiso de garantir o acceso ós mesmos das persoas residentes no rural, principais prexudicadas na nosa provincia polas políticas de recortes de servizos do PP. Por iso somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

Que asuma as súas competencias en Servizos Sociais e garanta o acceso a prazas públicas de residencias e centros de día dos maiores da nosa provincia”.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	19/36



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA QUE MODIFIQUE O PROXECTO DE TRAZADO DA SEGUNDA FASE DA RONDA LESTE PARA CUMPRIR COA LEGALIDADE VIXENTE E MINIMIZAR O SEU IMPACTO AMBIENTAL.


Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de Voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para esixir á Xunta de Galicia que modifique o proxecto de trazado da segunda fase da Ronda Leste para cumprir coa legalidade vixente e minimizar o seu impacto ambiental.

Un regueiro de promesas electorais incumpridas polo Partido Popular percorre a historia recente de Galicia. Anuncios que nunca concretaron, porque nunca se tivo a intención de levalos adiante. Os lucenses estamos a ser vítimas este ano electoral dun novo episodio de mentiras no que se refire ó anuncio por parte da Xunta da posta en marcha das obras da segunda fase da Ronda Leste. Unha *fake new* asentada nun cúmulo de graves irregularidades que fan imposible comezar as obras.

A historia tamén revela a falta de compromiso do PP coa mobilidade na provincia e, de xeito especial, co desenvolvemento da segunda fase da Rolda Leste. O goberno progresista do presidente Emilio López Touriño completou en catro anos as obras da primeira fase e deixou

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	20/36





licitada a elaboración do proxecto da mesma. A chegada ó goberno da Xunta de Feijoo no ano 2009 supuxo a paralización total do proxecto. Unha parálise que se concretou coa desaparición do proxecto dos orzamentos autonómicos durante varios anos.

Despois desta longa inactividade, pouco despois da designación como candidata á alcaldía de Lugo da tenente de alcalde de Mondoñedo, a Xunta anunciaba o suposto inicio das obras. Estamos afeitos a que o goberno da Xunta, que debería ser de todos os galegos e galegas, actúe de xeito partidista. O que resulta inaudito é que a Xunta faga este anuncio mentindo sen rubor, a sabendas de que non vai poder levar adiante as obras, porque a situación actual do proxecto incumpre a lexislación vixente. A lexislación que a Xunta impón con severidade ó resto de administracións e que pretende saltarse neste caso por interese electoral.

O proxecto da Ronda Leste carece de Declaración de Impacto Ambiental, está caducada e, ademais, a Xunta modificou o trazado de forma substancial. Tampouco conta co preceptivo Estudo de Impacto e Integración Paisaxística, segundo esixe a lexislación vixente, en concreto, a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia.


Estas dúas carencias legais imposibilitan de seu iniciar calquera traballo e, tendo en conta os tempos medios de elaboración de ditos informes obrigatorios, todo apunta a que non se poderán empezar as obras antes do ano 2025.

A maiores de todo isto, o proxecto non se adecúa ó PXOM do concello de Lugo, nun novo desprezo da Xunta cara á autonomía e a capacidade de decisión das administracións locais.

Ademais, o proxecto de trazado plantexado pola Xunta implica graves impactos ambientais, visuais e nos usos do Parque Periurbano do Rato, con accións como a corta dunha gran superficie de carballos centenarios e a colocación dun terraplén de ata 24 metros de altura para o cruzamento do Rego da Saíma.

Por iso, dende o firme compromiso coa mellora da mobilidade como un factor de progreso para a provincia de Lugo, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	21/36



aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

Que cumpra coa normativa legal vixente no deseño do trazado da segunda fase da Ronda Leste.

Que tramite e aprrobe unha nova Declaración de Impacto Ambiental, conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, e a Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica, entre outras, a referida Lei 21/2013

Que adecúe o novo trazado ó establecido no PXOM de Lugo

Que elabore e aporte un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística conforme á Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia

Que elimine os impactos críticos do trazado no entorno do Rato a nivel ambiental e visual, garantindo os usos do Parque Periurbano e minimizando a modificación da xeomorfoloxía do terreo e a paisaxe”.


Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do BNG, propón engadir un novo punto ás propostas de acordo segundo o seguinte texto:

Que se paralice o proxecto ata que haxa un consenso político e social sobre a conveniencia e trazado desta infraestrutura”.

Tendo en conta que a emenda sinalada foi aceptada polo Grupo proponente da moción, a parte dispositiva da mesma queda do seguinte xeito:

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	22/36





“Por iso, dende o firme compromiso coa mellora da mobilidade como un factor de progreso para a provincia de Lugo, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

Que cumpra coa normativa legal vixente no deseño do trazado da segunda fase da Ronda Leste.

Que tramite e aprobe unha nova Declaración de Impacto Ambiental, conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, e a Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica, entre outras, a referida Lei 21/2013

Que adecúe o novo trazado ó establecido no PXOM de Lugo

Que elabore e aporte un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística conforme á Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia


Que elimine os impactos críticos do trazado no entorno do Rato a nivel ambiental e visual, garantindo os usos do Parque Periurbano e minimizando a modificación da xeomorfoloxía do terreo e a paisaxe.

Que se paralice o proxecto ata que haxa un consenso político e social sobre a conveniencia e trazado desta infraestrutura”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Neste momento auséntase da sesión a deputada dona Dolores Castro Ochoa.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	23/36



Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEMANDA DUNHA MELLORA URXENTE DO FIRME DA ESTRADA N-540.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en demanda dunha mellora urxente do firme da estrada N-540

Exposición de Motivos:


Nas últimas semanas podemos observar como continúa incrementándose e avanzando o deterioro da estrada N-540 que comunica as cidades de Lugo e Ourense e que dá un importante servizo as localidades intermedias.

Continuamos a ver todas as semanas nos medios de comunicación incidencias máis ou menos graves, que poñen de manifesto deficiencias de mantemento. Situación que repercute seriamente no que facer diario da veciñanza e do tecido socioeconómico das zonas polas que pasa.

Comprobamos recentemente que como solución a este problema os encargados do mantemento só optan por incrementar o número de sinais de perigo que avisan do firme en mal estado. Actuación que non evita o incremento de contratempos coas rodas e os parabrisas, e os accidentes.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de

	IV7OSSSYFBFI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBFI5VG35QXGMHRULY	Página	24/36





Lugo, e o seu traslado ao Goberno do Estado e aos partidos políticos galegos con representación no Congreso ou no Senado, dos seguintes acordos:

1º.- Reclamar ao goberno do Estado que se realicen e executen de urxencia un proxecto de reparación integral do firme da estrada N-540 para darlle unha solución definitiva ao problema actual.

2º.- Solicitar ao goberno do Estado que actúen con dilixencia na conservación desta estrada da súa titularidade, na provincia de Lugo, evitando o seu deterioro e as molestias ocasionadas á veciñanza dunha ampla zona da provincia nos seus necesarios desprazamentos”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, tendo en conta que a señora deputada dona Dolores Castro Ochoa ausentouse da sesión, o que equivale a efectos de votación a unha abstención segundo dispón o artigo 100.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultado: votos a favor, 24 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 1 (correspondente á señora deputada dona Dolores Castro Ochoa que se encontra ausente do Salón de Plenos). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Neste momento incorpórase á sesión a deputada dona Dolores Castro Ochoa.

Intervencións:


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR EN DEFENSA DAS VÍTIMAS DA OCUPACIÓN.

Neste momento auséntase da sesión a deputada dona Mónica Freire Rancaño.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	25/36



“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en defensa das vítimas da ocupación.

Exposición de Motivos:


A ocupación ilegal de inmobles consolidouse nos últimos anos como un dos delitos máis preocupantes desde diferentes perspectivas: defensa da propiedade privada, protección do propietario, seguridade cidadá, convivencia veciñal e delincuencia.

Os datos demostran que, desde a chegada de Pedro Sánchez ao Goberno de España, a ocupación de vivendas disparouse un 41%, cunha media de 40 ocupacións ao día. Esta situación está a xerar gran preocupación na provincia de Lugo e, en particular, na cidade de Lugo e nas localidades con maior poboación.

A crise económica e social, pero sobre todo a permisividade e impunidade alimentadas polo Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez, provocou un aumento exponencial das ocupacións por grupos e organizacións criminais que empregan a ocupación ilegal premeditada con finalidade lucrativa.

Na actualidade o Goberno de España vén de impulsar o proxecto de Lei de Vivenda aprobado polo Consello de Ministros en febreiro de 2022 e remitido ás Cortes Xerais para a súa tramitación. Devandito proxecto de Lei inclúe modificacións dos procedementos de desafiuzamentos, que, lonxe de mellorar, derivan na legalización da “ocupación” de vivendas, blindan á delincuente fronte ao desaloxo, supoñen un grave ataque ao dereito constitucional á propiedade privada, ademais de cuantiosos prexuízos económicos e problemas de inseguridade aos lexítimos propietarios.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	26/36





Máis do 90% das vivendas de alugueiro pertencen a pequenos propietarios, e máis do 40% empregan as súas rendas en paliar necesidades persoais e/o familiares, estimándose que o 70% de ocupacións levan a cabo previa simulación dun contrato de alugueiro que tras uns meses deixa de atenderse. Por tanto, os verdadeiros penalizados, en contra da propaganda do Goberno de Pedro Sánchez, son os catro millóns de propietarios que teñen o alugueiro como complemento á súa renda e a súa pensión.

As ocupacións ilegais degradan ademais os elementos, servizos e instalacións comúns das comunidades de propietarios e dificultan o seu mantemento. Por tanto, resultan afectados pola ocupación tamén os veciños que ven na obrigação de convivir con situacións de inseguridade, afectando tanto á súa vida privada como comunitaria.

Ante esta situación, requírese unha regulación que defenda a propiedade, en toda a súa extensión e en todas as súas manifestacións, fronte a accións delituosas que afectan a dereitos constitucionais esenciais como a propiedade privada. Estes cambios non son competencia das comunidades autónomas, senón das Cortes Xerais e sobre todo do Goberno de España.


Desde as entidades locais, como administracións máis próximas ao cidadán, coñecemos ben os prexuízos que xera a ocupación tanto ao propietario, como aos veciños e tamén aos barrios. No marco das nosas competencias, debemos establecer accións concretas para loitar contra as ocupacións ilegais e en defensa dos propietarios e veciños dos municipios.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de Acordo

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno provincial a:

1. Colaborar cos concellos lucenses para que poidan desenvolver as seguintes iniciativas:
 - A. Creación dun portelo de atención ao cidadán e/o unha canle de comunicación coas vítimas directas e veciños de inmobles afectados por ocupacións ilegais. Informarase dos recursos públicos dispoñibles (en atención aos recursos de cada concello).

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	27/36



B. Aprobación dun protocolo de actuación e seguimento por parte da Policía Local, especialmente en canto aos delitos de usurpación que facilite a súa intervención inmediata cando se trate de supostos de delito flagrante, equiparándose por tanto á violación de morada:


- Cando os feitos sexan presenciados polos axentes da autoridade.
- Cando os veciños e/o testemuñas avisen de que hai persoas entrando nun inmovble utilizando a forza.
- Cando exista aviso dunha central de alarmas, empresa de seguridade ou conserxe.
- Por calquera outra vía pola que poidan ter coñecemento destes feitos (aplicacións informáticas, redes sociais, anuncios na rede).

C. Que desde a Deputación se denuncien as ocupacións ilegais das que teña coñecemento e as defraudacións de fluído eléctrico de que teña constancia. levará un rexistro de vivendas ocupadas, que preveña cambios de contratos de subministración e de empadramento ficticios; e, da comprobación xudicial da ocupación non consentida, derivarase a nulidade do empadramento.

2. Que se dirixa ao Goberno de España para que leve a cabo as seguintes accións:

- A. Modificar de xeito inmediato o RDL 1/2021 e a supresión da disposición final primeira e as súas sucesivas modificacións, que non só legalizan a ocupación, senón que blindan ao ocupante sen título e ao delincente restrinxindo a posibilidade do seu desaloxo.
- B. Derrogar o artigo 11 e 1 bis do RDL 11/2020 do 31 de marzo polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID 19, así como as súas oito modificacións posteriores (correccións de erros, ampliacións de prazo das suspensións de lanzamento e novas situacións de desafiuzamento).
- C. Realizar as reformas lexislativas necesarias para:
- Acabar coa concepción de morada ou domicilio dun inmovble ocupado.
 - Recoñecer a capacidade xurídica das comunidades de propietarios para realizar accións preventivas contra a ocupación e así poder acudir ás autoridades, cando en ausencia do propietario, os ocupantes realicen actividades prohibidas, molestas, incívicas ou insalubres.
 - Recoñecer a figura do administrador de leiras como denunciante e certificador da situación administrativa do inmovble en canto á súa propiedade.
 - Desaloxar as vivendas ocupadas ilegalmente nun prazo máximo de 24 horas.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	28/36





- Reforzar a pena do delito de usurpación con penas de ata 3 anos de cárcere.
- Tipificar no Código penal a pertenza a mafias, que se lucran alugando vivendas ocupadas.
- Simplificar a resolución dos contratos de subministración cando a vivenda atópese no rexistro de inmoables ocupados.
- Prohibir a inscrición no padrón municipal a ocúpalos dunha vivenda.
- Manter a consideración de residencia habitual do propietario dunha vivenda, se o era antes da privación ilexítima da súa propiedade (de forma que esta situación non conleve a perda de beneficios fiscais se os houbese).

3. Dar traslado desta moción ao Presidente do Goberno de España, á Ministra de Xustiza, á Ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, así como aos Portavoces dos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais, e á Xunta de Goberno da FEMP”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).


Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=8>

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	29/36



9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR.SOBRE AS DEMANDAS AO GOBERNO DE ESPAÑA RESPECTO DA RENOVACIÓN DA FROTA DA LIÑA FERROVIARIA DE LARGO MÉTRICO QUE OPERA NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular sobre as demandas ao Goberno de España respecto da renovación da frota da liña ferroviaria de largo métrico que opera na provincia de Lugo.

Exposición de Motivos:


A rede ferroviaria de ancho métrico conecta en Galicia as localidades de Ferrol e Ribadeo para logo continuar por toda a cornisa cantábrica ata chegar ao País Vasco.

Son de sobra coñecidas as deficiencias que presenta este servizo de transporte ferroviario polo deterioro do material rodante, a falta de mantemento e a supresión de persoal. Unha situación que se viu agravada cando se constatou que o Goberno de España ía incumprir o seu compromiso de renovación da frota no ferrocarril de vía estreita tras o episodio bochornoso a conta do erro nas medidas dos novos trens.

Un incomprensible erro nos gálibos da infraestrutura ten como resultado que a chegada dos novos convois vaia retrasarse, como mínimo, tres anos, segundo as previsións que baralla o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

O retraso na entrega do material rodante para o servizo operado pola antiga Feve é un agravio máis para os intereses de Galicia, que vén sumarse ao feito de que esta liña non estea

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	30/36





electrificada e que, a estas alturas, aínda non se recuperaran os servizos cancelados por mor da pandemia sanitaria.

Á lista hai que suma o anuncio da titular do Mitma de que en Asturias e Cantabria o servizo será gratuito como medida compensatoria pola tardanza na entrega dos novos trens. Raquel Sánchez vén de comprometer a transferencia dos recursos necesarios ás dúas comunidades autónomas para bonificar o seus servizos de cercanías ata o 2026.

É dicir, para calmar o lóxico enfado de Asturias e Cantabria, o Goberno central tira de recursos públicos para tentar rebaixar o ton das críticas e infire unha nova aldraxe a Galicia, igual de prexudicada e afectada polo retraso na incorporación dos novos trens á frota da rede de ferrocarrís de ancho métrico.

E, ademais, agora a esta lista hai que sumar tamén que actualmente a actividade da liña ferroviaria Ferrol – Ribadeo está suspendida por obras, que quedan moi lonxe de ser as actuacións de mellora comprometida polo goberno de España para a modernización e electrificación da totalidade do seu percorrido.


Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:

“O Pleno da Corporación da Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España para que adopte as seguintes iniciativas:

1º. Que se cuantifique o atraso concreto que sufrirá a renovación da frota da liña ferroviaria de largo métrico que opera no norte da provincia de Lugo.

2º. Que se outorgue a Galicia as mesmas medidas compensatorias anunciadas para Asturias e Cantabria para minimizar os prexuízos derivados do atraso na renovación dos trens da liña ferroviaria de largo métrico que operan na nosa comunidade e que aseguran aos usuarios a gratuidade do servizo, cando menos, ata 2026.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	31/36



3º. Que se garanta que na solución que se adopte os novos equipos cumpran cos requisitos de deseño interior, confort e moderna tecnoloxía inicialmente previstos, sen perda ningunha das condicións de seguridade, eficiencia enerxética e accesibilidade.

4º. Que se impulse un plan, coas características técnicas e os investimentos precisos, para electrificar a totalidade da liña de ferrocarril de largo métrico que opera en Galicia, nun prazo razoable de tempo, coas condicións que permitan un tráfico mixto de viaxeiros e mercadorías.

5º. Que se acompañe a necesaria modernización do material rodante na liña de largo métrico entre Ferrol e Ribadeo co incremento de frecuencias que permitan atender axeitadamente a demanda de mobilidade dos usuarios”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=9>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVOS ÁS MODIFICACIÓNS/SUBSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLÚIDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, POLOS CONCELLOS DE XERMADE E A PASTORIZA.

Aos efectos do previsto nas bases do PLAN ÚNICO 2022, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “..*Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....*” dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 14/04/2023 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	32/36





XERMADE, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no PLAN ÚNICO 2022, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación. Así como do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 17/03/2023 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de A PASTORIZA, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no PLAN ÚNICO 2022, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=10>

11.- DACIÓN DE CONTA DA CORRECCIÓN DE ERRO DO INFORME DO ARTIGO 218 DO RD 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DAS FACENDAS LOCAIS SOBRE O ANO 2022.

O Pleno da Corporación queda enterado da corrección de erro do informe do artigo 218 do RD 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais sobre o ano 2022.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=11>

12.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO CORRESPONDENTE A 2022.

Dase conta do Plan Anual de control financeiro correspondente a 2022. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=12>

13.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	33/36



Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta e un de marzo de dous mil vinte e tres, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0804 ao 1419. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=13>

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=14>

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente comunícase que hai un Rogo e unha Pregunta presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación:


R O G O

Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo ás LU-P-2001 e á LU-P-2009, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O Grupo Municipal do P.P. de Foz informou a este Grupo de que veciños de Vilaxoane e de Marzán, dous barrios que marcan as entradas da vila de Foz, mostraron a súa preocupación pola seguridade viaria nalgunha das estradas provincias que atravesan ditos barrios.

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	34/36





Concretamente, por unha banda, na LU - P 2001 dende a ponte coa liña de FEVE ao cruce en Vilaxone, no lugar de San Blas, onde se ubica unha capela moi visitada especialmente por persoas maiores e onde os vehículos pasan a altas velocidades e non existen beirarrúas o que supón un risco de atropelo importante.

E, por outra banda, na estrada LU - P 2009, ao seu paso polo núcleo de Marzán, onde a AAVV alertou das altas velocidades dos vehículos nunha zona sinuosa de concentración de vivendas, e onde ademais está ubicado o local social da mesma, tamén cunha poboación de persoas maiores que son susceptibles de poder sufrir un atropelo.

Ámbalas dúas teñen unha peculiaridade común: que comunican dúas capelas de moita tradición en Foz, como son a capela do Santo (LU – P 2009), na que ademais existe unha área recreativa e a capela de San Blas (LU- P 2001). Son zonas de paseo que se comunican e que están no camiño da Basílica de San Martiño que é a catedral en pe máis antiga de España e visitan máis de 15.000 persoas ao ano.


Á vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo que dea as instrucións oportunas para que dende a institución provincial se proceda a:

- Instalar medidas de redución da velocidade do tipo de badenes regulamentarios nos barrios de Marzán na LU - P 2009 e Vilaxoane na LU - P 2001.
- Estudiar a posibilidade de trazar unhas sendas peonís dende Marzán ao Bispo Santo na LU- P 2009 e dende Vilaxoane ata a Basílica de San Martiño na LU- P2001.

PREGUNTAS

Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, en relación coas previsións de eliminación de presas e azudes nos ríos lucenses, que textualmente di o seguinte:

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	35/36



“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta

Segundo se indican nalgunhas informacións, a Administración central estuda a posibilidade de proceder a eliminación de presas e azudes en canles fluviais da provincia de Lugo. Esta medida, nalgúns puntos da provincia levanta queixas veciñais, dado que xerará graves problemas para o desenvolvemento da súa actividade agrícola e gandeira. Moitas destas infraestruturas teñen historicamente un gran valor, pola súa ligazón á supervivencia económica da poboación do medio rural. Hai que destacar a función fundamental que cumpren ditas construcións, por exemplo, para facilitar o rego de praderías. Igualmente, en non poucos casos, teñen un valor patrimonial que debe ser debidamente tido en consideración.

A Deputación Provincial ten a obriga de colaborar na defensa dos intereses dos veciños dos concellos desta provincia. Polo tanto, consideramos que non debe permanecer impasible diante do que pode constituír un serio problema para unha parte importante da poboación rural lucense, no caso da demolición total ou parcial de ditas infraestruturas, tipo presas e azudes.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

É coñecedor o goberno provincial das previsións da Administración central para eliminar presas e azudes nos ríos lucenses? Adoptou ou ten previsto adoptar algunha medida ao respecto?”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230425&punto=15>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Fecha y Hora	04/05/2023 09:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OSSSYFBI5VG35QXGMHRULY	Página	36/36

